



## **Concello de FRADES**

Cimadevila, 10  
15686.- FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dia.runa.es

### **ASUNTO: MEMORIA DE NECESIDADE DO CONTRATO DE OBRA “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ”**

**Expediente: 2024/C003/000005**

#### **1.- Necesidade de execución da obra e competencia:**

Dada a necesidade deste Concello de executar o proxecto “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ”, elaborado polo enxeñeiro técnico industrial D. Pablo Rojo Losada, colexiado nº 2.525, de data marzo de 2024, con motivo da axuda concedida pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, Código de procedemento PR486B (DOG núm. 32, do 14 de febreiro), por importe de 59.996,05 euros.

O Concello de Frades de conformidade co artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local ten a competencia en Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

#### **2.- Contido - Obxecto do contrato:**

Aos efectos de concreción e determinación do obxecto do contrato faise constar que o obxecto do contrato está constituído pola execución do proxecto “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ”, elaborado polo enxeñeiro técnico industrial

D. Pablo Rojo Losada, colexiado nº 2.525, de data marzo de 2024, con motivo da axuda concedida pola Dirección Xeral de Administración Local, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, Código de procedemento PR486B (DOG núm. 32, do 14 de febreiro), por importe de 59.996,05 euros.

### **3.- Duración:**

O prazo para executar o proxecto anteriormente descrito e de seis meses.

### **4.- Xustificación do procedemento empregado:**

A contratación da execución do proxecto verificarase de conformidade co artigo 159 da LCSP, mediante procedemento aberto simplificado, dado o valor estimado do contrato e o tipo de contrato ante o cal nos atopamos, que non é outro que o contrato de obras de conformidade co artigo 13 da LCSP.

### **5.- Valor estimado, orzamento de licitación e aplicacións orzamentarias:**

O orzamento base de licitación (gasto máximo autorizado) para este contrato determinado de conformidade co previsto no artigo 100 da LCSP queda fixado na cantidade de 49.583,51 euros, o que lle corresponden 10.412,54 euros de IVE, o que fai un total de 59.996,05 euros IVE engadido. O importe da adxudicación abonarase con cargo ao orzamento do Concello, na aplicación orzamentaria 342.63200.

O valor estimado do contrato resulta: 49.583,51 euros.

## **6.- Lugar de prestación:**

Concello de Frades.

## **7.- División en lotes:**

Conforme ó establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, *“Sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes, puidéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.*

*Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos contratos de concesión de obras. En todo caso, consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes, do obxecto do contrato, os seguintes:*

*a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Ós efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación de dita circunstancia.*

*b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ó implicar a necesidade de coordinar a execución de diferentes prestacións, cuestión que poderíase ver imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no seu caso, xustificados debidamente no expediente.”*

Consta informe técnico de D. Pablo Rojo Losada, Colexiado nº 2.525, concluíndo que non procede a división en lotes.

Polo tanto, nas obras do proxecto “RENOVACIÓN ALUMEADO DEPORTIVO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE PONTECARREIRA E DE ABELLÁ” procede a NON DIVISIÓN EN LOTES.

#### **8.- Responsable do Contrato:**

O enxeñeiro D. Pablo Rojo Losada, Colexiado nº 2.525.

#### **9.- Órgano de contratación:**

O órgano de contratación competente é a Alcaldía.

#### **10.- Criterios de solvencia e adxudicación:**

Enténdese que a solvencia esixible considerarase acreditada por algún dos medios previstos na LCSP, concretamente esixírase en relación coa solvencia económica un volume mínimo de negocio igual ou superior ao valor do contrato (IVE incluído) e a existencia de seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao prezo base de licitación do contrato. Respecto a solvencia técnica esixírase unha relación dos principais traballos realizados análogos aos que se licitan, declaración que indique o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación ou títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente desta.

En canto aos criterios de adxudicación terase en conta subxectivos (plan de

control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental e esquema de plan de seguridade e saúde) e criterios automáticos, tales como o prezo, a existencia dun plan de igualdade e estabilidade no emprego. Deste xeito procurase a mellor oferta non tendo en conta só o prezo, senón a máxima relación calidade-prezo de conformidade co artigo 145 da LCSP.